

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA 214.2.2 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2015

Nº DE PROTOCOLO<sup>(\*)</sup>

<sup>(\*)</sup> A encher polo SXAEA

#### 1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Subministración dunha columna densimétrica de clasificación e limpeza de sementes para o banco de xermoplasma do CIAM

#### 2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro de Formación ou investigación:

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

Enderezo: Km 7, Estrada AC-542, Betanzos a Mesón do Vento KM 7,5

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia:A Coruña

#### 3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

No CIAM consérvanse uno dos bancos de xermoplasma mais diversos e amplos de Galicia. Actualmente se conservan 692 variedades autóctonas de millo, 669 accesións de froiteiras (maceiras, pereiras e cerdeiras), 1.500 accesións pertencentes a 23 especies hortícolas, e máis de 1.700 mostras pertencentes a 99 especies pratenses. Periodicamente se multiplica aquel material considerado estratéxico para a súa conservación e mellora, polo cal é necesario a existencia de maquinaria específica para os traballos de recolección, selección e limpeza das sementes obtidas. Nesta acción se propón o subministro de una máquina de clasificación e limpeza de sementes dotada coas últimas tecnoloxías para o conxunto das especies do banco.

#### 4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Clasificación e limpeza de sementes do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

## 5.- METODOLOXÍA

A mostra fresca se pesará e se introducirá en estufa a 80°C durante 24 horas. Unha vez seca a mostra, se pesará de novo para coñecer a porcentaxe de materia seca. Unha parte se moerá a 1 mm en muiño de martelos e se procederá a rexistrar o espectro NIRS das mostras de forraxe moídas nun aparato NIRSystems 6500 (NIRSystems Inc., Silver Spring, MD, USA). Se realizará a predición da composición química e dixestibilidade da materia orgánica *in vitro* utilizando unha ecuación de calibración para forraxes frescas desenvolvida no CIAM. Os parámetros a estimar son: materia orgánica (MO), proteína bruta (PB), fibra neutro deterxente (FND), fibra ácido deterxente (FAD), carbohidratos solubles en auga (CSA) e dixestibilidade *in vitro* (IVDMO). No caso de que haxa mostras que o software detecte como non representadas na colección de calibración, serán estudadas e o 10% das analizadas por vía húmida (métodos de referencia) e engadidas á colección, co obxectivo de robustecer a calidade das predicións de composición química e valor nutricional de variedades pratenses realizadas por NIRS.